

AS PLANTAS

1º Relaciona as distintas partes da planta coa función que realizan.

- | | | |
|-------|---|---|
| Raíz | • | Transforma a auga e os sales minerais en alimento. |
| Talo | • | Sostén a planta. Permite a circulación da auga, os sales minerais e o alimento. |
| Folla | • | Suxeita a planta. Absorbe a auga e os sales minerais. |

2º ESCRIBE NOS ESPAZOS PARA AVERIGUAR COMO FABRICAN AS PLANTAS O SEU PROPIO ALIMENTO

Para fabricar o seu alimento, as plantas necesitan e a do sol.

A través da , as plantas absorben do solo auga e sales minerais para formar unha mestura chamada . O zume bruto ascende ata as follas a través do talo, por uns condutos que se chaman .

Nas , as plantas toman do aire un gas chamado de . Este gas mestúrase co zume bruto e, coa axuda da , forma o alimento da planta, chamado . Todo este proceso que ocorre nas follas chámase . Como consecuencia del xérase outro gas, o que a planta expulsa a través das súas follas.

Por último, o zume elaborado repártese por toda a planta a través dos .

3º REPRODUCCIÓN DAS PLANTAS

Brais foi coa súa clase visitar un xardín botánico.

a) Brais debuxou esta flor. Nomea as súas partes.

1.
2.
3.
4.



b) No xardín botánico explicáronlles como se reproducen a maioría das plantas. Brais apuntouno, pero desordenáronse as etapas. Axúdalle a poñelas en orde.

- ☐ O ovario crece e forma o froito, que contén as sementes.
- ☐ A abella transporta o pole.
- ☐ A semente xermina.
- ☐ O gran de pole únese ao óvulo e transfórmase en semente.

c) Fíxate nestas plantas do xardín botánico. Identifica cada tipo de planta segundo o seu talo.



.....

.....

.....

